# 4.3.- CONSTRUCCIÓN

Á hora de analiza-la situación da construcción en Galicia no ano 1998, partirase das características xerais do sector amosadas polos datos facilitados polo IGE, Seopan e o servicio de información Ardán.

O primeiro dato salientable do sector en 1998 é a consolidación do mesmo como impulsor do crecemento galego. Tal e como reflicte o **cadro 1.1.1.** (*VEB a prezos de mercado: taxas de variación 1997-98)*, o VEB a prezos de mercado pasa de crecer a taxas negativas en 1996 e no primeiro trimestre de 1997, tanto a nivel galego como estatal, a taxas positivas no resto do ano que continuan en 1998, experimentando neste ano un crecemento medio do 3,1% en Galicia.

A pesar destas taxas de crecemento, hai unha serie de indicadores que parecen contradicir eses datos. Así, a licitación oficial de tódalas administracións públicas reduciuse nun 29,4% en 1998, seguindo a licitación autonómica a mesma tendencia, diminuindo un 10,6% respecto ó ano anterior. A poboación ocupada na construcción reduciuse lixeiramente, e tal e como sinalan os datos da EPA, o peso relativo da mesma no total da poboación galega descende do 10,92% do ano 1997 ata o 10,69% do ano analizado. En termos absolutos, o descenso da ocupación entre ámbolos dous anos é de 0,5 miles de persoas, o que representa un descenso do 0,5% respecto ó ano anterior.

Pola contra, a evolución do consumo de cemento e a evolución da construcción privada reflicte o bo momento da contrucción en Galicia. O primeiro aumenta un 7,5% en 1998 respecto ó ano anterior, en tanto que a construcción de vivendas (iniciadas, visadas e rematadas, consideradas no seu conxunto) aumenta un 24,3% por mor do aumento da vivenda libre, que medra un 31,1% en 1998 respecto ó ano 1997.

## Indicadores básicos da construcción

Tal e como se deduce do **cadro 4.3.1.**, a **licitación oficial** en Galicia de tódalas administracións públicas acadou os 139.770 millóns de pesetas (o 4,99% do total licitado en España), o que supón un descenso respecto ó ano anterior de

CADRO 4.3.1. ***Licitación oficial de obras 1998: distribución segundo Administracións***

*(en millóns de pesetas)*

| | Central | Autonómica | Local | Total |
|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 8.964 | 27.472 | 22.736 | 59.172 |
| Lugo | 5.627 | 10.625 | 3.741 | 19.994 |
| Ourense | 2.496 | 7.751 | 4.398 | 14.645 |
| Pontevedra | 8.974 | 29.864 | 7.122 | 45.959 |
| **Total** | **26.061** | **75.712** | **37.997** | **139.770** |
| **98/97** *(%)* | -70,0 | -10,6 | 43,3 | -29,4 |
| **España** | 983.154 | 947.731 | 870.999 | 2.801.883 |
| **G/E** *(%)* | **2,65** | **7,99** | **4,36** | **4,99** |

Fonte: *SEOPAN*

29,4%. Segundo os datos disponibles, o mesmo débese ó descenso da licitación tanto da administración central como autonómica, con caídas do 70,0% e do 10,6%, respectivamente, que compensan o incremento da licitación oficial por parte da Administración local.

Atendendo ós diferentes tipos de obra, **cadro 4.3.2.**, predomina a licitación na obra civil, que representa un 51,95% do total da licitación oficial en Galicia, aínda que esta porcentaxe é moi inferior á existente en España no mesmo período (68,37%) e ca existente en Galicia o ano anterior, cando representaba o 78% do total. Ó igual que en España, os sectores de transporte e equipamento social son os dous sectores máis importantes, aínda que mentres que en Galicia a licitación oficial nestes sectores supoñe o 52,22%, en España representa o 58,43%.

Comparada a licitación oficial total de Galicia coa existente noutras comunidades, esta comunidade é a oitava en termos de licitación oficial total, tras Madrid, Cataluña, Asturias, Andalucía, Castela e León, C. Valenciana e País Vasco. Galicia é ademais a segunda comunidade que máis adica, en termos relativos, á edificación, xa que o 48% da licitación oficial corresponde a este tipo de obras.

Desagregando o estudio por provincias, **cadro 4.3.3.**, A Coruña é a que presenta un maior volume de licitacións, tanto no que ó total de edificación se refire como no caso do total de obra civil. Pontevedra é a segunda provincia en importancia, e entre ámbalas dúas provicias concentran o 75,22% do total licitado en Galicia.

Centrando a análise nas administracións autonómicas, e segundo reflicten os datos do **cadro 4.3.4.**, a Xunta de Galicia licitou obras por un total de 75.712 millóns de pesetas, fronte ós 84.661 do ano anterior. En termos relativos, a licitación da Xunta representa o 7,99% do total licitado polas administracións autonómicas en España, co que Galicia é a sexta comunidade no que ó valor licitado se refire, tras Madrid, Cataluña, Asturias, Castela-León e Valencia.

Atendendo ós distintos tipos de obra, a edificación acolleu as dúas terceiras partes do total licitado en Galicia, ó contrario do que aconteceu para o conxunto das administracións autonómicas en España,

CADRO 4.3.2.

### *Licitación pública de tódalas Administracións nas CC.AA. 1998: distribución segundo tipo de obra*

*(en millóns de pesetas)*

| | Galicia | | Andalucía | | Aragón | | Asturias | | Baleares | | Canarias | | Cantabria | | Castela - A Mancha | | Castela e León | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. |
| **Vivenda** | **1.364** | **0,94** | 7.516 | 3,07 | 838 | 0,76 | 6.053 | 2,40 | 1.496 | 2,47 | 5.930 | 4,25 | - | - | 1.655 | 1,26 | 9.188 | 3,90 |
| **Equipamento social** | **34.233** | **23,55** | 54.526 | 22,28 | 8.328 | 7,54 | 22.998 | 9,11 | 10.118 | 16,71 | 27.271 | 19,55 | 6.445 | 7,23 | 25.537 | 19,43 | 33.252 | 14,12 |
| **Docente** | **11.214** | **7,71** | 20.597 | 8,41 | 1.004 | 0,91 | 8.093 | 3,21 | 1.518 | 2,51 | 10.626 | 7,62 | 1.946 | 2,18 | 3.293 | 2,51 | 3.762 | 1,60 |
| **Sanitarias** | **9.573** | **6,59** | 7.869 | 3,21 | 3.081 | 2,79 | 874 | 0,35 | 1.625 | 2,68 | 5.304 | 3,80 | 1.535 | 1,72 | 16.725 | 12,73 | 6.033 | 2,56 |
| **Deportivas** | **7.983** | **5,49** | 10.809 | 4,42 | 1.479 | 1,34 | 10.061 | 3,99 | 2.259 | 3,73 | 6.205 | 4,45 | 1.403 | 1,57 | 762 | 0,58 | 8.292 | 3,52 |
| **Varias** | **5.464** | **3,76** | 15.251 | 6,23 | 2.765 | 2,50 | 3.970 | 1,57 | 4.717 | 7,79 | 5.136 | 3,68 | 1.561 | 1,75 | 4.757 | 3,62 | 15.165 | 6,44 |
| **Resto edificación** | **3.340** | **2,30** | 10.555 | 4,31 | 1.167 | 1,06 | 3.278 | 1,30 | 6.084 | 10,05 | 4.109 | 2,95 | 1.355 | 1,52 | 334 | 0,25 | 10.022 | 4,26 |
| **Administrativas** | **2.819** | **1,94** | 4.898 | 2,00 | 470 | 0,43 | 1.131 | 0,45 | 1.232 | 2,03 | 1.220 | 0,87 | - | - | 45 | 0,03 | 2.603 | 1,11 |
| **Industriais** | **322** | **0,22** | 987 | 0,40 | 593 | 0,54 | 649 | 0,26 | 97 | 0,16 | 1.107 | 0,79 | 397 | 0,45 | 273 | 0,21 | 2.945 | 1,25 |
| **Terminais** | **200** | **0,14** | 4.670 | 1,91 | 104 | 0,09 | 1.498 | 0,59 | 4.755 | 7,85 | 1.781 | 1,28 | 958 | 1,07 | 16 | 0,01 | 4.475 | 1,90 |
| **Reparacións** | **30.914** | **21,27** | 13.896 | 5,68 | 9.240 | 8,36 | 7.534 | 2,98 | 5.250 | 8,67 | 8.763 | 6,28 | 3.207 | 3,60 | 4.755 | 3,62 | 17.160 | 7,29 |
| **Transporte** | **41.676** | **28,67** | 101.119 | 41,31 | 74.147 | 67,11 | 152.815 | 60,55 | 7.654 | 12,64 | 66.868 | 47,93 | 54.939 | 61,62 | 87.409 | 66,51 | 105.881 | 44,96 |
| **Estradas** | **29.664** | **20,41** | 89.680 | 36,64 | 45.115 | 40,83 | 142.567 | 56,48 | 3.736 | 6,17 | 63.482 | 45,50 | 51.634 | 57,92 | 65.001 | 49,46 | 86.023 | 36,53 |
| **Ferrocarril** | **2.749** | **1,89** | 1.197 | 0,49 | 29.032 | 26,28 | 7.248 | 2,87 | 1.789 | 2,95 | - | - | 1.281 | 1,44 | 22.408 | 17,05 | 19.858 | 8,43 |
| **Portos** | **9.263** | **6,37** | 10.241 | 4,18 | - | - | 3.000 | 1,19 | 2.129 | 3,52 | 3.386 | 2,43 | 2.023 | 2,27 | - | - | - | - |
| **Urbanización** | **16.165** | **11,12** | 32.484 | 13,27 | 8.173 | 7,40 | 34.552 | 13,69 | 24.934 | 41,17 | 17.859 | 12,80 | 8.526 | 9,56 | 4.283 | 3,26 | 32.827 | 13,94 |
| **Hidraúlicas** | **17.665** | **12,15** | 24.670 | 10,08 | 8.594 | 7,78 | 25.167 | 9,97 | 5.022 | 8,29 | 8.722 | 6,25 | 14.680 | 16,47 | 7.443 | 5,66 | 27.168 | 11,54 |
| **Total edificación** | **69.852** | **48,06** | 86.493 | 35,34 | 19.574 | 17,72 | 39.864 | 15,79 | 22.949 | 37,90 | 46.072 | 33,02 | 11.007 | 12,35 | 32.280 | 24,56 | 69.622 | 29,56 |
| **Total obra civil** | **75.506** | **51,95** | 158.273 | 64,66 | 90.913 | 82,28 | 212.534 | 84,21 | 37.610 | 62,10 | 93.448 | 66,98 | 78.145 | 87,65 | 99.135 | 75,44 | 165.876 | 70,44 |
| **Total xeral** | **145.357** | **100,00** | 244.766 | 100,00 | 110.487 | 100,00 | 252.398 | 100,00 | 60.559 | 100,00 | 139.521 | 100,00 | 89.152 | 100,00 | 131.416 | 100,00 | 235.499 | 100,00 |

| | Cataluña | | Estremadura | | Madrid | | Murcia | | Navarra | | País Vasco | | A Rioxa | | Comunidade Valenciana | | Ceuta e Melilla | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. |
| **Vivenda** | 16.380 | 4,60 | 4.299 | 7,35 | 17.443 | 4,66 | 481 | 0,80 | 122 | 0,26 | 5.806 | 3,66 | 10 | 0,03 | 3.468 | 1,50 | 1.552 | 46,15 |
| **Equipamento social** | 57.301 | 16,09 | 8.460 | 14,46 | 53.298 | 14,25 | 12.429 | 20,73 | 7.004 | 15,14 | 16.445 | 10,36 | 2.351 | 6,86 | 85.741 | 37,10 | 248 | 7,37 |
| **Docente** | 14.796 | 4,15 | 3.226 | 5,51 | 10.048 | 2,69 | 5.019 | 8,37 | 827 | 1,79 | 3.936 | 2,48 | - | - | 26.218 | 11,35 | - | - |
| **Sanitarias** | 4.487 | 1,26 | 3.616 | 6,18 | 6.235 | 1,67 | 2.611 | 4,35 | 881 | 1,90 | 927 | 0,58 | 390 | 1,14 | 13.313 | 5,76 | - | - |
| **Deportivas** | 11.549 | 3,24 | 386 | 0,66 | 7.057 | 1,89 | 1.437 | 2,40 | 1.567 | 3,39 | 7.058 | 4,45 | 872 | 2,54 | 10.772 | 4,66 | 12 | 0,36 |
| **Varias** | 26.469 | 7,43 | 1.232 | 2,11 | 29.958 | 8,01 | 3.362 | 5,61 | 3.728 | 8,06 | 4.524 | 2,85 | 1.089 | 3,18 | 35.437 | 15,34 | 237 | 7,05 |
| **Resto edificación** | 19.293 | 5,42 | 722 | 1,23 | 19.389 | 5,18 | 477 | 0,80 | 1.057 | 2,29 | 17.993 | 11,34 | 141 | 0,41 | 9.047 | 3,92 | 34 | 1,01 |
| **Administrativas** | 2.875 | 0,81 | 350 | 0,60 | 108 | 0,03 | 236 | 0,39 | 593 | 1,28 | 8.769 | 5,52 | - | - | 6.748 | 2,92 | 34 | 1,01 |
| **Industriais** | 1.042 | 0,29 | 273 | 0,47 | 1.262 | 0,34 | 146 | 0,24 | 464 | 1,00 | 12 | 0,01 | 75 | 0,22 | 534 | 0,23 | - | - |
| **Terminais** | 15.375 | 4,32 | 99 | 0,17 | 18.019 | 4,82 | 95 | 0,16 | - | - | 9.211 | 5,80 | 66 | 0,19 | 1.765 | 0,76 | - | - |
| **Reparacións** | 34.118 | 9,58 | 5.462 | 9,33 | 33.895 | 9,06 | 5.629 | 9,39 | 3.322 | 7,18 | 14.170 | 8,93 | 3.609 | 10,53 | 3.783 | 1,64 | 1.224 | 36,40 |
| **Transporte** | 100.331 | 28,17 | 28.140 | 48,09 | 147.632 | 39,48 | 17.073 | 28,48 | 16.537 | 35,75 | 52.593 | 33,14 | 17.154 | 50,06 | 57.879 | 25,05 | 248 | 7,37 |
| **Estradas** | 77.110 | 21,65 | 28.063 | 47,96 | 80.401 | 21,50 | 16.617 | 27,71 | 16.322 | 35,29 | 35.856 | 22,59 | 17.099 | 49,90 | 42.468 | 18,38 | 248 | 7,37 |
| **Ferrocarril** | 4.807 | 1,35 | 77 | 0,13 | 67.231 | 17,98 | 26 | 0,04 | 184 | 0,40 | 10.010 | 6,31 | 55 | 0,16 | 12.649 | 5,47 | - | - |
| **Portos** | 18.414 | 5,17 | - | - | - | - | 430 | 0,72 | 30 | 0,06 | 6.727 | 4,24 | - | - | 2.762 | 1,20 | - | - |
| **Urbanización** | 102.518 | 28,78 | 2.449 | 4,19 | 70.638 | 18,89 | 8.305 | 13,85 | 10.883 | 23,53 | 23.991 | 15,12 | 6.546 | 19,10 | 42.152 | 18,24 | 15 | 0,45 |
| **Hidraúlicas** | 26.217 | 7,36 | 8.982 | 15,35 | 31.674 | 8,47 | 15.562 | 25,96 | 7.332 | 15,85 | 27.723 | 17,47 | 4.457 | 13,01 | 29.007 | 12,55 | 42 | 1,25 |
| **Total edificación** | 127.091 | 35,68 | 18.943 | 32,37 | 124.025 | 33,16 | 19.016 | 31,72 | 11.505 | 24,87 | 54.414 | 34,28 | 6.110 | 17,83 | 102.039 | 44,16 | 3.058 | 90,93 |
| **Total obra civil** | 229.066 | 64,32 | 39.570 | 67,63 | 249.944 | 66,84 | 40.940 | 68,28 | 34.751 | 75,13 | 104.306 | 65,72 | 28.157 | 82,17 | 129.039 | 55,84 | 305 | 9,07 |
| **Total xeral** | 356.157 | 100,00 | 58.513 | 100,00 | 373.968 | 100,00 | 59.957 | 100,00 | 46.256 | 100,00 | 158.720 | 100,00 | 34.267 | 100,00 | 231.078 | 100,00 | 3.363 | 100,00 |

Fonte: *SEOPAN*

CES GALICIA

CADRO 4.3.3.

**_Licitación pública de tódalas Administracións 1998: distribución segundo tipo de obra_**

| Tipo de obra | A Coruña | | | Lugo | | | Ourense | | | Pontevedra | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **1997** | **1998** | **98/97** | **1997** | **1998** | **98/97** | **1997** | **1998** | **98/97** | **1997** | **1998** | **98/97** |
| | *(en millóns de pesetas)* | | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | | *(%)* |
| **Vivenda** | 517 | 865 | 67,3 | - | 104 | - | 366 | 222 | -39,3 | 519 | 173 | -66,7 |
| **Equipamento social** | 11.015 | 18.869 | 71,3 | 1.895 | 1.607 | -15,2 | 3.300 | 2.477 | -24,9 | 7.321 | 11.280 | 54,1 |
| **Resto edificación** | 4.538 | 506 | -88,8 | 29 | 10 | -65,5 | 19 | 128 | 573,7 | 702 | 2.697 | 284,2 |
| **Reparacións** | 5.373 | 11.674 | 117,3 | 2.387 | 5.429 | 127,4 | 1.441 | 3.074 | 113,3 | 3.688 | 6.619 | 79,5 |
| **Transporte** | 17.487 | 12.459 | -28,8 | 74.044 | 10.011 | -86,5 | 9.813 | 5.353 | -45,4 | 13.121 | 12.397 | -5,5 |
| **Urbanización** | 8.393 | 9.368 | 11,6 | 3.257 | 1.700 | -47,8 | 577 | 1.042 | 80,6 | 5.704 | 4.042 | -29,1 |
| **Hidraúlicas** | 6.540 | 5.431 | -17,0 | 2.320 | 1.133 | -51,2 | 2.607 | 2.350 | -9,9 | 11.129 | 8.751 | -21,4 |
| **Total edificación** | 21.443 | 31.915 | 48,8 | 4.311 | 7.150 | 65,9 | 5.126 | 5.901 | 15,1 | 12.230 | 20.769 | 69,8 |
| **Total obra civil** | 32.420 | 27.257 | -15,9 | 79.621 | 12.844 | -83,9 | 12.997 | 8.745 | -32,7 | 29.954 | 25.191 | -15,9 |
| **Total** | 53.863 | 59.172 | 9,9 | 83.932 | 19.994 | -76,2 | 18.123 | 14.645 | -19,2 | 42.184 | 45.959 | 8,9 |

Fonte: *SEOPAN*

CADRO 4.3.4.

*Licitación pública das Administracións autonómicas 1998: distribución segundo tipo de obra*

*(en millóns de pesetas*

| | Galicia | | Andalucía | | Aragón | | Asturias | | Baleares | | Canarias | | Cantabria | | Castela-A Mancha | | Castela-León | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. |
| Vivenda | 1.244 | 1,6 | 3.140 | 5,0 | 268 | 2,3 | 6.053 | 5,3 | 652 | 4,9 | 4.935 | 14,5 | 0 | 0,0 | 1.604 | 9,6 | 8.555 | 8,3 |
| Equipamento social | 25.682 | 33,9 | 24.001 | 38,5 | 1.169 | 10,0 | 9.127 | 8,1 | 2.920 | 21,8 | 16.006 | 47,1 | 2.176 | 8,3 | 1.697 | 10,2 | 5.190 | 5,0 |
| Docente | 10.851 | 14,3 | 9.036 | 14,5 | 0 | 0,0 | 7.794 | 6,9 | 0 | 0,0 | 10.567 | 31,1 | 836 | 3,2 | 948 | 5,7 | 1.958 | 1,9 |
| Sanitarias | 9.573 | 12,6 | 6.610 | 10,6 | 598 | 5,1 | 745 | 0,7 | 1.017 | 7,6 | 5.222 | 15,4 | 811 | 3,1 | 100 | 0,6 | 929 | 0,9 |
| Deportivas | 2.902 | 3,8 | 7.397 | 11,9 | 110 | 0,9 | 304 | 0,3 | 517 | 3,9 | 45 | 0,1 | 386 | 1,5 | 100 | 0,6 | 552 | 0,5 |
| Varias | 2.356 | 3,1 | 958 | 1,5 | 461 | 4,0 | 285 | 0,3 | 1.386 | 10,4 | 172 | 0,5 | 143 | 0,5 | 550 | 3,3 | 1.750 | 1,7 |
| Resto edificación | 2.742 | 3,6 | 2.228 | 3,6 | 25 | 0,2 | 1.654 | 1,5 | 97 | 8,1 | 1.089 | 3,2 | 270 | 1,0 | 0 | 0,0 | 3.822 | 3,7 |
| Administrativas | 2.547 | 3,4 | 1.995 | 3,2 | 25 | 0,2 | 221 | 0,2 | 0 | 7,5 | 1.008 | 3,0 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 1.915 | 1,9 |
| Industriais | 177 | 0,2 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 355 | 0,3 | 97 | 0,0 | 0 | 0,0 | 40 | 0,2 | 0 | 0,0 | 1.549 | 1,5 |
| Terminais | 18 | 0,0 | 234 | 0,4 | 0 | 0,0 | 1.078 | 1,0 | 0 | 0,6 | 82 | 0,2 | 230 | 0,9 | 0 | 0,0 | 358 | 0,3 |
| Reparacións | 22.004 | 29,1 | 5.437 | 8,7 | 2.266 | 19,4 | 1.088 | 1,0 | 1.135 | 24,0 | 3.212 | 9,4 | 1.186 | 4,5 | 0 | 0,0 | 4.257 | 4,1 |
| Transporte | 11.822 | 15,6 | 17.976 | 28,8 | 4.798 | 41,1 | 68.697 | 60,6 | 3.519 | 26,3 | 1.919 | 5,6 | 10.961 | 41,7 | 11.715 | 70,1 | 56.526 | 54,7 |
| Estradas | 9.217 | 12,2 | 17.462 | 28,0 | 4.798 | 41,1 | 64.706 | 57,1 | 1.661 | 12,4 | 1.558 | 4,6 | 9.625 | 36,6 | 11.715 | 70,1 | 52.045 | 50,3 |
| Ferrocarril | 0 | 0,0 | 514 | 0,8 | 0 | 0,0 | 2.647 | 2,3 | 1.789 | 13,4 | 0 | 0,0 | 7 | 0,0 | 0 | 0,0 | 4.481 | 4,3 |
| Portos | 2.605 | 3,4 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 1.343 | 1,2 | 69 | 0,5 | 361 | 1,1 | 1.330 | 5,1 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 |
| Urbanización | 1.962 | 2,6 | 637 | 1,0 | 658 | 5,6 | 12.200 | 10,8 | 2.552 | 19,1 | 1.725 | 5,1 | 2.493 | 9,5 | 58 | 0,3 | 8.619 | 8,3 |
| Hidráulicas | 10.255 | 13,5 | 8.955 | 14,4 | 2.480 | 21,3 | 14.506 | 12,8 | 2.503 | 18,7 | 5.121 | 15,1 | 9.189 | 35,0 | 1.632 | 9,8 | 16.415 | 15,9 |
| Total edificación | 51.673 | 68,2 | 34.807 | 55,8 | 3.728 | 32,0 | 17.922 | 15,8 | 4.804 | 35,9 | 25.242 | 74,2 | 3.632 | 13,8 | 3.302 | 19,8 | 21.824 | 21,1 |
| Total obra civil | 24.039 | 31,8 | 27.567 | 44,2 | 7.936 | 68,0 | 95.403 | 84,2 | 8.574 | 64,1 | 8.765 | 25,8 | 22.643 | 86,2 | 13.405 | 80,2 | 81.560 | 78,9 |
| Total | 75.712 | 100,0 | 62.375 | 100,0 | 11.664 | 100,0 | 113.325 | 100,0 | 13.377 | 100,0 | 34.007 | 100,0 | 26.275 | 100,0 | 16.707 | 100,0 | 103.384 | 100,0 |

| | Cataluña | | Estremadura | | Madrid | | Murcia | | Navarra | | P. Vasco | | A Rioxa | | Comunidade Valenciana | | Total España | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | %/Total C.A. | Importe | Media |
| Vivenda | 6.516 | 5,6 | 1.269 | 5,6 | 6.876 | 4,7 | 481 | 1,9 | 0 | 0,0 | 3.602 | 7,4 | 0 | 0,0 | 3.218 | 3,3 | 48.414 | 4,7 |
| Equipamento social | 23.717 | 20,2 | 4.506 | 20,0 | 18.674 | 12,8 | 4.612 | 18,4 | 3.467 | 14,4 | 6.292 | 13,0 | 1.162 | 11,2 | 50.879 | 52,1 | 201.276 | 20,3 |
| Docente | 12.915 | 11,0 | 1.744 | 7,8 | 6.160 | 4,2 | 3.820 | 15,2 | 827 | 3,4 | 3.936 | 8,1 | 0 | 0,0 | 25.920 | 26,5 | 97.310 | 9,0 |
| Sanitarias | 2.059 | 1,8 | 1.755 | 7,8 | 2.232 | 1,5 | 770 | 3,1 | 507 | 2,1 | 671 | 1,4 | 367 | 3,6 | 9.667 | 9,9 | 43.634 | 5,2 |
| Deportivas | 1.014 | 0,9 | 27 | 0,1 | 181 | 0,1 | 0 | 0,0 | 406 | 1,7 | 1.685 | 3,5 | 78 | 0,8 | 870 | 0,9 | 16.574 | 1,8 |
| Varias | 7.729 | 6,6 | 980 | 4,4 | 10.100 | 6,9 | 22 | 0,1 | 1.726 | 7,2 | 0 | 0,0 | 717 | 6,9 | 14.422 | 14,8 | 43.757 | 4,2 |
| Resto edificación | 15.073 | 12,8 | 531 | 2,4 | 4.007 | 2,8 | 8 | 0,0 | 0 | 0,0 | 9.550 | 19,7 | 50 | 0,5 | 2.810 | 2,9 | 43.957 | 3,9 |
| Administrativas | 1.121 | 1,0 | 320 | 1,4 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 7.350 | 15,2 | 0 | 0,0 | 2.810 | 2,9 | 19.312 | 2,3 |
| Industriais | 82 | 0,1 | 113 | 0,5 | 0 | 0,0 | 8 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 2.420 | 0,2 |
| Terminais | 13.870 | 11,8 | 99 | 0,4 | 4.007 | 2,8 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 2.201 | 4,5 | 50 | 0,5 | 0 | 0,0 | 22.225 | 1,4 |
| Reparacións | 14.753 | 12,6 | 1.005 | 4,5 | 30 | 0,0 | 1.951 | 7,8 | 2.558 | 10,7 | 8.224 | 17,0 | 2.093 | 20,3 | 1.246 | 1,3 | 72.445 | 10,3 |
| Transporte | 29.952 | 25,5 | 7.394 | 32,9 | 97.406 | 66,9 | 8.077 | 32,2 | 15.700 | 65,4 | 14.086 | 29,1 | 4.372 | 42,3 | 19.869 | 20,3 | 384.790 | 38,8 |
| Estradas | 27.174 | 23,2 | 7.394 | 32,9 | 61.964 | 42,6 | 7.964 | 31,7 | 15.649 | 65,2 | 685 | 1,4 | 4.317 | 41,8 | 18.089 | 18,5 | 316.024 | 33,5 |
| Ferrocarril | 2.557 | 2,2 | 0 | 0,0 | 35.442 | 24,3 | 0 | 0,0 | 40 | 0,2 | 8.769 | 18,1 | 55 | 0,5 | 412 | 0,4 | 56.712 | 3,9 |
| Portos | 220 | 0,2 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 114 | 0,5 | 11 | 0,0 | 4.632 | 9,6 | 0 | 0,0 | 1.369 | 1,4 | 12.054 | 1,3 |
| Urbanización | 16.155 | 13,8 | 218 | 1,0 | 6.443 | 4,4 | 296 | 1,2 | 150 | 0,6 | 2.008 | 4,2 | 0 | 0,0 | 4.723 | 4,8 | 60.895 | 5,4 |
| Hidráulicas | 11.149 | 9,5 | 7.563 | 33,6 | 12.130 | 8,3 | 9.680 | 38,6 | 2.140 | 8,9 | 4.620 | 9,5 | 2.659 | 25,7 | 14.958 | 15,3 | 135.954 | 18,0 |
| Total edificación | 60.059 | 51,2 | 7.311 | 32,5 | 29.588 | 20,3 | 7.051 | 28,1 | 6.024 | 25,1 | 27.668 | 57,2 | 3.305 | 32,0 | 58.153 | 59,5 | 366.091 | 37,8 |
| Total obra civil | 57.255 | 48,8 | 15.175 | 67,5 | 115.979 | 79,7 | 18.053 | 71,9 | 17.990 | 74,9 | 20.714 | 42,8 | 7.031 | 68,0 | 39.550 | 40,5 | 581.639 | 62,2 |
| Total | 117.314 | 100,0 | 22.486 | 100,0 | 145.566 | 100,0 | 25.104 | 100,0 | 24.014 | 100,0 | 48.382 | 100,0 | 10.335 | 100,0 | 97.703 | 100,0 | 947.731 | 100,0 |

Fonte: SEOPAN

onde a obra civil acolleu o 62% da licitación.

En canto á **construcción de vivendas**, os datos do **cadro 4.3.5.** amosan un aumento no número de vivendas iniciadas e visadas. En termos cuantitativos, éstas aumentan un 116,4% e un 12,7%, respectivamente, en relación ó ano anterior. A causa desta evolución é o comportamento da construcción da vivenda libre. En España, pola contra, o volume de vivendas visadas descende lixeiramente, mentres que o aumento nas vivendas iniciadas chega ó 30,7%.

Dentro do Plan Galego de Vivenda (PGV) proxectado para 1998, solicitáronse 2.740 vivendas e fixéronse un total de 3.119 calificacións provisionais, o que representa o 119,2% do previsto. Salienta o réxime xeral, onde, con 901 solicitudes,

CADRO 4.3.5.

### Construcción de vivendas en Galicia e España 1997-98

#### Vivendas iniciadas

| | Galicia | | | España (1) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | P.Oficial | Libres | Total | P.Oficial | Libres | Total |
| **1997** | **3.190** | **7.762** | **10.952** | 44,0 | 258,3 | 302,3 |
| **1998** | **2.085** | **21.618** | **23.703** | 43,7 | 351,4 | 395,1 |
| **98/97** *(%)* | **-34,6** | **178,5** | **116,4** | **-0,7** | **36,0** | **30,7** |

#### Vivendas rematadas

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | P.Oficial | Libres | Total | P.Oficial | Libres | Total |
| **1997** | **4.042** | **15.872** | **19.934** | 52,4 | 224,3 | 276,7 |
| **1998** | **3.644** | **13.788** | **17.432** | 49,7 | 226,6 | 276,3 |
| **98/97** *(%)* | **-9,8** | **-13,1** | **-12,6** | **-5,2** | **1,0** | **-0,1** |

#### Vivendas visadas

| | Galicia | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | P.Oficial | Libres | Total | P.Oficial | Libres | Total |
| **1997** | **2.964** | **20.896** | **23.860** | 72,1 | 330,0 | 402,1 |
| **1998** | **2.631** | **24.262** | **26.893** | 46,6 | 286 | 332,6 |
| **98/97** *(%)* | **-11,2** | **16,1** | **12,7** | **-35,4** | **-13,3** | **-17,3** |

(1) os datos de España están en miles
Fonte: *IGE, INE*

CADRO 4.3.6.

### Resultados 1998 (1) do Plan de Vivenda 2190/1995

| | Réxime xeral | Réxime especial | Prezo taxado | Rehabilitación | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **A Coruña** | | | | | |
| **Solicitudes** | 304 | 168 | 303 | 81 | 856 |
| **Calif. provisionais** | 404 | 213 | 272 | 279 | 1.168 |
| **Calif. definitivas** | 509 | 431 | 272 | 197 | 1.409 |
| **Lugo** | | | | | |
| **Solicitudes** | 95 | 210 | 111 | 43 | 459 |
| **Calif. provisionais** | 179 | 245 | 85 | 54 | 563 |
| **Calif. definitivas** | 160 | 357 | 85 | 130 | 732 |
| **Ourense** | | | | | |
| **Solicitudes** | 95 | 102 | 86 | 48 | 331 |
| **Calif. provisionais** | 100 | 84 | 87 | 70 | 341 |
| **Calif. definitivas** | 39 | 154 | 87 | 65 | 345 |
| **Pontevedra** | | | | | |
| **Solicitudes** | 407 | 173 | 403 | 111 | 1.094 |
| **Calif. provisionais** | 317 | 159 | 390 | 181 | 1.047 |
| **Calif. definitivas** | 348 | 393 | 390 | 137 | 1.268 |
| **Total** | | | | | |
| **Solicitudes** | **901** | **653** | **903** | **283** | **2.740** |
| **Calif. provisionais** | **1.000** | **701** | **834** | **584** | **3.119** |
| **Calif. definitivas** | **1.056** | **1.335** | **834** | **529** | **3.754** |
| **Plan vivenda (obxectivos a 30-9-98)** | **780** | **404** | **700** | **414** | **2.298** |

(1) os datos de 1998 son ata o 30 de xuño, debido a que as calificacións do Plan 96/99 pecháronse a esa data polo cambio de Plan (Plan de Vivenda 1998/2001)
Fonte: *Instituto Galego da Vivenda e Solo*

CADRO 4.3.7.

***Axudas á reconstrucción e rehabilitación de vivendas familiares no medio rural galego 1997-98***

| | Solicitudes | | Aprobacións provisionais | | | | Aprobacións definitivas | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1997 | 1998 | 1997 | | 1998 | | 1997 | 1998 |
| | | | número | importe *(en pesetas)* | número | importe *(en pesetas)* | | |
| **Reconstrucción** | | | | | | | | |
| A Coruña | 63 | 53 | 50 | 49.461.633 | 45 | | 45 | 42 |
| Lugo | 3 | 10 | 6 | 5.591.517 | 5 | | 7 | 4 |
| Ourense | 8 | 13 | 7 | 6.992.183 | 8 | | 4 | 6 |
| Pontevedra | 4 | 6 | 3 | 2.261.120 | 4 | | 4 | 4 |
| **Total** | **78** | **82** | **66** | **64.306.453** | **62** | **61.349.485** | **60** | **56** |
| **Rehabilitación** | | | | | | | | |
| A Coruña | 1.780 | 1.197 | 1.628 | 615.389.219 | 866 | | 827 | 1.030 |
| Lugo | 2.620 | 1.751 | 1.107 | 470.375.172 | 2.252 | | 3.342 | 1.565 |
| Ourense | 1.721 | 1.212 | 1.254 | 468.627.994 | 1.315 | | 635 | 1.096 |
| Pontevedra | 680 | 466 | 564 | 229.192.531 | 450 | | 302 | 441 |
| **Total** | **6.801** | **4.626** | **4.553** | **1.783.584.916** | **4.883** | **1.911.373.326** | **5.106** | **4.132** |
| **Axudas totais** | | | | | | | | |
| A Coruña | 1.843 | 1.250 | 1.678 | 664.850.852 | 911 | | 872 | 1.072 |
| Lugo | 2.623 | 1.761 | 1.113 | 475.966.689 | 2.257 | | 3.349 | 1.569 |
| Ourense | 1.729 | 1.225 | 1.261 | 475.620.177 | 1.323 | | 639 | 1.102 |
| Pontevedra | 684 | 472 | 567 | 231.453.651 | 454 | | 306 | 445 |
| **Total** | **6.879** | **4.708** | **4.619** | **1.847.891.369** | **4.945** | **1.972.722.811** | **5.166** | **4.188** |

Fonte: *Instituto Galego da Vivenda e Solo*

se realizaron 1.000 calificacións provisionais (28,2% máis das proxectadas). No réxime especial, o número de calificacións provisionais superou nun 61,6% ás previstas no plan. Estes datos están contemplados no **cadro 4.3.6.**

Por provincias destaca Pontevedra, con 1.094 solicitudes, e A Coruña, con 856, o que supón o 39,9% e o 31,2% do total, respectivamente. Lugo representa o 16,8% e Ourense, o 12,1%.

En canto á rehabilitación e reconstrucción, xunto coas axudas previstas no PGV, aplícase unha normativa autonómica de axudas á rehabilitación e reconstrucción de vivendas familiares no mundo rural, independentemente do plan. Fronte ás 283 solicitudes do PGV houbo 4.708 na normativa autonómica. A meirande parte das solicitudes corresponderon ás axudas de rehabilitación (98,3%) e só un 1,7% das mesmas correponderon ás axudas de reconstrucción. O **cadro 4.3.7.** recolle estes datos, e amosa que no caso da rehabilitación, en 1998, fixéronse un total de 4.883 aprobacións provisionais e 4.132 definitivas.

No concernente ó **consumo de cemento**, materia prima fundamental na construcción, despois dunha leve subida en 1997 trala saída da crise do ano anterior, en 1998 o consumo en Galicia aumenta un 7,52% respecto ó ano 1997 e representa o 7,21% do total consumido en España.

Desagregando o estudio por provincias, Pontevedra non só segue a se-la provincia con maior consumo de cemento, cun 46% do total, senón que é a que experimenta unha maior taxa de crecemento, co 16,1%. A provincia de Ourense é a única provincia que rexistra un descenso no mesmo.

A evolución da producción de cemento foi similar á do consumo no que

CADRO 4.3.8. ***Produción e consumo de cemento 1997-98***

| | Produción | | | Consumo | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1997 | 1998 | 98/97 | 1997 | 1998 | 98/97 |
| | *(en Tm.)* | | *(%)* | *(en Tm.)* | | *(%)* |
| **A Coruña** | -- | -- | -- | 700.675 | 707.334 | 0,95 |
| **Lugo** | 477.940 | 530.300 | 10,96 | 248.549 | 280.870 | 13,00 |
| **Ourense** | -- | -- | | 245.041 | 219.978 | -10,23 |
| **Pontevedra** | -- | -- | -- | 884.849 | 1.027.232 | 16,09 |
| **Total** | **477.940** | **530.300** | **10,96** | **2.079.114** | **2.235.414** | **7,52** |
| **España** | 27.933.154 | 32.449.065 | 16,17 | 26.794.598 | 30.990.046 | 15,66 |
| **G/E** *(%)* | **1,71** | **1,63** | **-0,08** | **7,76** | **7,21** | **-0,55** |

Fonte: *Oficemen*

á tendencia se refire, aumentando un 10,96% respecto ó ano anterior. Como reflicte o **cadro 4.3.8.**, a provincia de Lugo acapara o total da produción de cemento en Galicia, que representa o 1,63% do total producido en España.

## Indicadores empresariais

Segundo o criterio de selección de empresas seguido por Ardán, en 1997 había en Galicia a 2.821 empresas relacionadas coa construcción, que supoñen o 25,35% do total de empresas consideradas, tal e como reflicte o **cadro 4.3.9.** O valor engadido xerado polas empresas do sector da construcción ascendeu a 174.430,15 millóns de pesetas en 1997, o 18,41% do total xerado polo conxunto de empresas consideradas na mostra, sendo o seu emprego medio de 17 traballadores por empresa.

As actividades máis importantes que comprende o grupo, recollidas no devandito **cadro 4.3.9.**, son as de contratistas xerais e as de promotores de obras, con 808 e 487 empresas, respectivamente. En conxunto, estas dúas actividades xeran o 46,4% dos ingresos de explotación do grupo e o 42,65% do valor engadido bruto a custo de factores.

Os núcleos de localización das empresas do sector concéntranse nas zonas de A Coruña, Vigo e Pontevedra. Entre as tres zonas acaparan o 40,9% do VEB total galego a custo de factores. Destaca o crecemento do VEB xerado en A Coruña (26,48%) e Santiago (17,47%) respecto ó ano anterior **(cadro 4.3.10.**).

Atendendo á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.3.11.** reflicte un crecemento do VEB a custo de factores dun 12,77% respecto ó ano anterior e un aumento importante do resultado económico neto de explotación (22,09%) e do resultado neto do exercicio (35,73%), así como un descenso relativo do VEB, que pasa do 27,95% dos ingresos de explotación en 1996 ó 25,24% do ano 1997.

O **cadro 4.3.12.** amosa a evolución do investimento e o financiamento, onde queda reflectido que no sector da construcción predomina o financiamento vía acreedores a curto prazo, que representa o 61,37% das fontes de financiamento.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, os indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación, **cadro 4.3.13.**, reflicten unha aceleración no crecemento dos ingresos

CADRO 4.3.9.

## *Sector construcción e obras públicas 1997: actividades que comprende o grupo*

*(en millóns de pesetas)*

| | Empresas | Ingresos de explotación | V.E.B. c.f. | *Cash-flow* | Activo total | Emprego medio |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Area e gravilla para a construccción | 34 | 6.495,00 | 2.695,47 | 1.126,35 | 10.150,79 | 12 |
| Cemento e preparados de formigón, cal e xeso | 36 | 28.914,87 | 8.533,04 | 4.094,32 | 35.351,48 | 34 |
| Prefabricados de formigón | 64 | 19.952,72 | 5.186,21 | 1.120,77 | 17.156,71 | 23 |
| Fabricación outros productos para construcción | 40 | 14.092,22 | 4.798,49 | 796,26 | 19.548,40 | 29 |
| Traballos de carpintería metálica | 232 | 37.346,38 | 12.752,92 | 1.599,59 | 24.300,59 | 17 |
| Promotores de obras | 487 | 136.823,67 | 23.476,53 | 9.776,46 | 223.904,43 | 5 |
| Contratistas xerais | 808 | 183.943,32 | 50.912,06 | 6.416,86 | 198.579,14 | 20 |
| Construccións pesadas | 51 | 63.746,11 | 15.451,68 | 2.096,34 | 54.738,64 | 70 |
| Preparación de obras | 89 | 16.239,47 | 5.974,21 | 1.814,83 | 17.501,08 | 15 |
| Instalacións eléctricas | 225 | 37.422,96 | 13.788,61 | 1.491,94 | 26.301,94 | 20 |
| Fontanería, calefacción e aire acondicionado | 149 | 21.598,93 | 6.554,28 | 463,36 | 13.499,25 | 14 |
| Rematado de edificios e obras | 312 | 38.698,37 | 13.958,28 | 1.192,52 | 23.946,51 | 15 |
| Distrib. maiorista de materiais para construcción | 213 | 74.734,83 | 8.574,04 | 2.900,26 | 40.718,20 | 9 |
| Distrib. minorista de materiais para construcción | 81 | 11.167,81 | 1.774,34 | 268,96 | 6.427,80 | 8 |
| **Total** | **2.821** | **691.176,66** | **174.430,15** | **35.158,80** | **712.124,95** | **17** |
| **Peso do grupo no conxunto de empresas galegas** | **25,35%** | **14,53%** | **18,41%** | **13,73%** | **20,32%** | |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.3.10.

## *Sector construcción e obras públicas 1996-97: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB*

*(en millóns de pesetas)*

| Núcleos | 1996 | 1997 | 97/96 |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 22.492,18 | 28.447,05 | 26,48 |
| **Vigo** | 23.347,35 | 25.147,00 | 7,71 |
| **Pontevedra** | 17.475,20 | 17.753,61 | 1,59 |
| **Ourense** | 7.990,11 | 9.187,83 | 14,99 |
| **Santiago** | 7.512,70 | 8.825,18 | 17,47 |
| **Lugo** | 5.021,92 | 5.429,69 | 8,12 |
| **Arteixo** | 3.511,28 | 3.906,91 | 11,27 |
| **O Porriño** | 3.105,35 | 3.641,08 | 17,25 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.3.11. ***Evolución da actividade no sector construcción e obras públicas 1996-97: ingresos, custos e resultados***

| | 1996 | | 1997 | | 97/96 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Ingresos de explotación** | 553.431,69 | 100,00 | 691.176,66 | 100,00 | 24,89 |
| **Consumo e outros gastos de explotación** | 398.747,78 | 72,05 | 516.746,51 | 74,76 | 29,59 |
| **Valor engadido bruto a custo dos factores** | 154.683,91 | 27,95 | 174.430,15 | 25,24 | 12,77 |
| **Gastos de persoal** | 107.346,21 | 19,40 | 117.487,75 | 17,00 | 9,45 |
| **Resultado económico bruto da explotación** | 47.337,71 | 8,55 | 56.942,40 | 8,24 | 20,29 |
| **Amortizacións** | 11.154,61 | 2,02 | 12.765,01 | 1,85 | 14,44 |
| **Resultado económico neto da explotación** | 36.183,10 | 6,54 | 44.177,39 | 6,39 | 22,09 |
| **Carga financeira** | 14.278,19 | 2,58 | 13.339,10 | 1,93 | -6,58 |
| **Resultado de actividades ordinarias** | 21.904,91 | 3,96 | 30.838,29 | 4,46 | 40,78 |
| **Resultado de actividades extraordinarias** | 2.310,81 | 0,42 | 1.250,80 | 0,18 | -45,87 |
| **Resultado antes de impostos** | 24.215,71 | 4,38 | 32.089,09 | 4,64 | 32,51 |
| **Impostos** | 7.717,03 | 1,39 | 9.695,30 | 1,40 | 25,64 |
| **Resultado neto do exercicio** | 16.498,69 | 2,98 | 22.393,79 | 3,24 | 35,73 |
| **Cash-flow** | 27.653,29 | 5,00 | 35.158,80 | 5,09 | 27,14 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.3.12. ***Evolución do investimento e do financiamento no sector construcción e obras públicas 1996-97***

| | 1996 | | 1997 | | 97/96 |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | *(en millóns de pesetas)* | *(%)* | |
| **Activo total** | 643.767,17 | 100,00 | 712.124,95 | 100,00 | 10,62 |
| **Activo fixo (neto)** | 132.489,04 | 20,58 | 145.334,17 | 20,41 | 9,70 |
| **Gastos amortizables** | 2.829,05 | 0,44 | 2.492,64 | 0,35 | -11,89 |
| **Inmobilizado inmaterial** | 12.443,73 | 1,93 | 14.577,67 | 2,05 | 17,15 |
| **Inmobilizado material** | 89.505,56 | 13,90 | 99.333,95 | 13,95 | 10,98 |
| **Outro inmobilizado** | 27.139,43 | 4,22 | 27.843,01 | 3,91 | 2,59 |
| **Outro activo fixo** | 571,26 | 0,09 | 1.086,90 | 0,15 | 90,26 |
| **Circulante neto** | 511.278,13 | 79,42 | 566.790,78 | 79,59 | 10,86 |
| **Existencias** | 266.516,91 | 41,40 | 280.311,94 | 39,36 | 5,18 |
| **Debedores** | 197.604,11 | 30,69 | 227.215,34 | 31,91 | 14,99 |
| **Tesourería** | 28.112,23 | 4,37 | 35.517,93 | 4,99 | 26,34 |
| **Outro activo circulante** | 19.044,88 | 2,96 | 23.745,58 | 3,33 | 24,68 |
| **Fontes de financiamento** | 643.767,17 | 100,00 | 712.124,95 | 100,00 | 10,62 |
| **Financiamento permanente** | 245.100,92 | 38,07 | 275.081,38 | 38,63 | 12,23 |
| **Fondos propios** | 152.977,69 | 23,76 | 174.471,04 | 24,50 | 14,05 |
| **Recursos alleos l/p** | 90.069,50 | 13,99 | 97.542,68 | 13,70 | 8,30 |
| **Ingresos distribuidos en varios exercicios** | 2.053,73 | 0,32 | 3.067,66 | 0,43 | 49,37 |
| **Acreedores a curto plazo** | 398.666,26 | 61,93 | 437.043,57 | 61,37 | 9,63 |
| **Fondo de rotación** | 112.611,87 | 17,49 | 129.747,21 | 18,22 | 15,22 |

Fonte: *Ardán*

CADRO 4.3.13.

## *Sector construcción e obras públicas 1996-97: estudio económico-financeiro*

### *Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*

| | Crecemento dos ingresos | | V.E.B.c.f. / ingresos | | Gastos persoal / ingresos | | Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos | | Carga financeira / ingresos | | Cash-flow / ingresos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1996** | 9,21% | 8,45% | 32,80% | 25,06% | 24,40% | 17,25% | 4,06% | 3,30% | 2,11% | 1,37% | 2,81% | 2,86% |
| **1997** | 15,34% | 10,30% | 29,65% | 24,44% | 22,32% | 16,55% | 4,02% | 3,38% | 1,73% | 1,15% | 2,92% | 3,16% |

### *Rendibilidade e magnitudes asociadas*

| | Rendibilidade económica | | Marxe | | Rotación de activos | | Rendibilidade financeira antes de impostos | | Coste neto da débeda | | Coeficente de endebedamento | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega | Empresa do sector | Empresa galega |
| **1996** | 6,29% | 6,76% | 4,22% | 3,57% | 1,50 | 1,82 | 12,16% | 13,40% | 4,02% | 3,78% | 3,39 | 2,49 |
| **1997** | 6,67% | 6,96% | 4,15% | 3,66% | 1,62 | 1,88 | 15,26% | 15,23% | 3,54% | 3,37% | 3,38 | 2,46 |

Fonte: *Ardán*

superior ó constatado para o conxunto das empresas galegas, unha diminuición do peso relativo dos gastos de persoal e unha reducción da carga financeira. En canto á rendibilidade e magnitudes asociadas, aumentan as rendibilidades económica e financeira por mor da evolución positiva das variables das que dependen.

O nivel de endebedamento, malia o seu lixeiro descenso, segue a estar a niveis moi superiores ós do conxunto da empresa galega.